

# LATÍN

## RECOMENDADO PARA:

Especialmente alumnado que desexe continuar formación universitaria en ciclos en Lingua Galega, Hispánica, Portuguesa, Xermánica, Románica, Italiana, ciclos en Tradución e Interpretación, Historia, Filosofía, Xornalismo, Dereito e titulacións afíns así como Maxisterio na especialidade de Linguas.

Tamén aporta aprendizaxes moi valiosas para alumnado que desexe facer ciclos formativos de grao superior das familias da rama Audiovisual, Comunicación Audiovisual e semellantes.

## CARGA HORARIA SEMANAL

3 horas en 4º de ESO

4 horas en Bacharelato de Humanidades

## CONTIDOS

O estudo do Latín abarca cinco bloques de contidos:

### **-Bloque 1: O Latín, orixe das linguas romances.**

Neste apartado o alumnado estuda a orixe da meirande parte das linguas de orixe indoeuropea, aprende a identificar palabras patrimoniais, cultas e semicultismos e realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución entre outros contidos.

### **Bloque 2: Sistema de lingua latina: elementos básicos.**

O alumnado coñece diferentes sistemas de escritura e de alfabetos, coñece a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identifica os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa, entre outros apartados.

### **Bloque 3: Morfoloxía.**

Este bloque está adicado principalmente a distinguir os formantes das palabras, clasificar tipos de palabras así como comprender e coñecer o concepto de declinación.

### **Bloque 4: Sintaxe.**

O alumno coñece e analiza as funcións das palabras na oración, estuda a singularidade das linguas flexivas, os nomes dos casos latinos e identifica as súas principais funcións na oración, traduce os casos á lingua materna adecuadamente, recoñece as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán e aprende a distinguir as oracións simples das compostas, entre outros contidos.

### **Bloque 5: Roma: Historia, Cultura e Civilización.**

O alumnado coñece os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encádraos no seu período correspondente, realiza eixes cronolóxicos, estuda os trazos fundamentais da organización política e social de Roma, a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. Asemade, coñece os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina. Coñecer os deuses e

establece semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. Este bloque tamén abarca o estudo dos espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual; os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados, cosméticos, etc.

#### **Bloque 6: Textos.**

Neste apartado o alumnado aplica os coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.

#### **Bloque 7: Léxico**

O alumnado aprende a establecer mediante mecanismos de inferencia as relacións existentes entre determinados étimos latinos e os derivados en linguas romances, tamén a identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes, coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e aprende a empregalas nun contexto axeitado